

RECOMENDACIÓNS DE MAQUETAXE DA TESE

Índices

Índice xeral

- Situarase ao principio.
- Estará encabezado pola palabra ÍNDICE (centrada). Fonte: *Times New Roman*, 15, grosa.
- Distinguirá entre capítulos, apartados e subapartados, segundo as recomendacións de maquetaxe do corpo da tese ("Títulos e epígrafes").
- Os seus epígrafes deben coincidir estritamente cos dispostos no corpo do traballo, en texto, numeración e estilo da fonte.

1. CAPÍTULO	5
1.1. SUBCAPÍTULO	7
1.1.1. Subcapítulo	20
1.1.1.1. Subcapítulo	25
1.1.1.1.1. Subcapítulo	30
1.2. SUBCAPÍTULO	40
1.2.1. Subcapítulo	45
1.2.1.1. Subcapítulo	60
1.2.1.1.1. Subcapítulo	65
2. CAPÍTULO	80
2.1. SUBCAPÍTULO	90
2.1.1. Subcapítulo	100
2.1.1.1. Subcapítulo	110
2.1.1.1.1. Subcapítulo	115
2.2. SUBCAPÍTULO	120
2.2.1. Subcapítulo	130
2.2.1.1. Subcapítulo	140
2.2.1.1.1. Subcapítulo	145

Índices complementarios (antes do índice xeral)

- Lista de publicacións derivadas da tese.
- Para as teses por artigos, relación das publicacións, con referencias bibliográficas completas (autores, título, revista, número, ano, páxinas) e indicios de calidade.
- Lista de abreviaturas (opcional)

Índices complementarios (ao final do traballo)

- Índice de figuras.
- Índice de ilustracións.
- Índice de táboas.
- Índice onomástico.
- Índice temático ou de materias.
- Apéndice.

Corpo da tese

Marxes

- Superior: 3 cm
- Inferior: 3 cm
- Interno: 3 cm
- Externo: 2 cm

Cabeceiras (se as hai)

- *Times New Roman* 11 pt.
- Páxina impar: Título do capítulo (aliñación dereita)
- Páxina par: Autor/a (versaleta, aliñación esquerda)
- A numeración das páxinas irá na parte baixa externa da páxina.
- As páxinas de inicio de capítulo ou as páxinas en branco non levarán nin cabeceiras nin numeración.

Texto base

- *Times New Roman* 12 pt. (texto xustificado)
- Entrelíado sinxelo
- Dentro dun mesmo apartado, non deixar espazo (retorno) tras punto e a parte.
- Sangría primeira liña (0,75 cm)
- IMPORTANTE: No comezo absoluto de texto ou tras branco, non se tabulará a primeira liña (véx. exemplo).

Títulos e epígrafes:

- Título: *Times New Roman* 15pt. (maiúscula, grosa, aliñación dereita).
- O longo non excederá da metade da caixa de texto. Caso contrario,

continuarase en segunda liña. Antes do título deixarase 3 retornos de liña.

- Entre o título e o texto base deixarase 1 retorno de liña.

Epígrafes: *Times New Roman* 12 pt.

- Recoméndanse como máximo 4 niveis.

1.1 (grosa, versaleta, sen tabular)

1.1.1 (grosa, tabulada a 0,75 cm)

1.1.1.1 (tabulada a 1,5 cm)

1.1.1.1.1 (cursiva, tabulada a 2,25 cm)

- Entre a fin de cada epígrafe e o comezo da seguinte, deixarase un retorno de liña.
- A primeira liña de texto que segue a cada epígrafe, levará a mesma tabulación ca a epígrafe (véx. exemplo).

Notas no pé de páxina

- *Times New Roman* 9 pt. (texto xustificado)

Citas textuais longas, separadas do texto base

- *Times New Roman* 11 pt. (texto xustificado)
- Separadas do texto base por 1 retorno de liña (antes e despois)
- A primeira liña da cita sen sangría
- Sangría esquerda completa a 2,25 cm
- Sangría dereita completa a 1,5 cm

Láminas/Gráficos

- Pé de lámina: *Trebuchet MS* 9 pt. (grosa, texto centrado en relación á lámina/gráfico).
- Opcionalmente, caso de querer indexar as láminas ao final, sería desexable que se numerasen p. ex.- "Lám. xx. Título da lámina"

Táboas

- Título táboas: *Trebuchet MS* 9 pt. (grosa, texto centrado en relación á táboa)
- Texto táboas: *Trebuchet MS* 9 pt.